

EROSKI E A FACULTADE DE ENXEÑERÍA DE DEUSTO ASINAN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN TECNOLÓXICA

- **Establece un marco de colaboración ata o 2019 para a promoción de actividades de I+D+i, a transferencia de coñecemento entre ambas as dúas organizacións e para o desenvolvemento de competencias nos profesionais de EROSKI e nos estudantes da Facultade**
- **Os proxectos enfocaranse a xerar novas solucións para o cliente que requiran do procesamento de grandes volumes de datos**
- **EROSKI aborda a definición dun novo Plan Estratéxico focalizado na competitividade, onde un dos seus eixes principais é potenciar as capacidades dos seus equipos de persoas**

Bilbao, 2 de novembro do 2016.- [EROSKI](#) e mais a [Facultade de Enxeñería](#) da Universidade de Deusto asinaron un convenio co fin de promover a colaboración tecnolóxica a través de proxectos de innovación en materia de capacitación, tecnoloxía e implantación de novas solucións para o cliente. O convenio, cunha duración inicial de tres anos, foi rubricado hoxe polo decano da Facultade de Enxeñería, Asier Perallos, e polo Secretario Xeral de EROSKI, Mikel Larrea.

EROSKI e a Universidade de Deusto promoverán a transferencia de coñecemento entre ambas as dúas organizacións para a maximización de oportunidades e modelos de negocio que requiran do procesamento de grandes volumes de datos para xerar novas solucións para o cliente. Para o desenvolvemento destes proxectos de innovación, realizarán programas cruzados de participación de profesionais de EROSKI en programas formativos de ámbito tecnolóxico da Facultade de Enxeñería de Deusto, e á súa vez, alumnos da Facultade participarán en formacións realizadas por profesionais de EROSKI como profesores-convidados pola Universidade de Deusto.

Este acordo para a transferencia de coñecemento entre ambas as dúas organizacións establece tamén un marco estruturado para compartir información e metodoloxías de traballo para o desenvolvemento de proxectos de investigación, innovación e desenvolvemento (I+D+i) en equipos multidisciplinares. Este convenio de colaboración contempla tamén a posible incorporación doutras entidades que puidesen enriquecer e complementar estes proxectos.

"Trátase dun acordo estratéxico que establece un novo marco de actuación para construír novas vantaxes competitivas sostibles a longo prazo baseadas na capacitación dos nosos equipos de profesionais, unha das prioridades do Plan Estratéxico para os vindeiros anos", sinalou Mikel Larrea.



"Para nós este acordo constitúe unha oportunidade para seguir a reforzar a nosa Cooperación Educativa, a través da colaboración Universidade-Empresa, cunha referencia de Axente Económico e Social como é EROSKI. Que os nosos estudantes poidan traballar en proxectos reais que melloren a súa formación e que acheguen valor, a EROSKI en particular e á sociedade en xeral, é parte dos nosos obxectivos", indicou o decano da Facultade de Enxeñería.

Sobre a Universidade de Deusto

A Universidade de Deusto é un centro de iniciativa social con sedes en Bilbao e San Sebastián, con 130 anos de experiencia e unha enorme contribución ao desenvolvemento económico, social e tecnolóxico.

A través da Facultade de Enxeñería e Deustotech desenvolve investigación en áreas tecnolóxicas e a súa aplicación específica en áreas como a saúde, a sostibilidade, o transporte, a fabricación ou a seguridade, contribuíndo igualmente á promoción de novas empresas de base tecnolóxica.

A proxección internacional tanto no relativo a proxectos como no tocante á presenza dun 15% de alumnos procedentes de máis de 60 países de todo o mundo constitúe outro dos seus sinais de identidade.

Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. Conta cunha rede comercial de 1.877 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash&carry, amais de gasolineras, ópticas, oficinas de viaxes, perfumerías e tendas de equipamento deportivo. Conta con máis de 7 millóns de Socios Clientes e con 33.870 socios cooperativistas e traballadores.

Aborda actualmente a definición dun novo plan estratéxico para os vindeiros catro anos no que se marca como obxectivo prioritario competir en cada un dos mercados nos que está presente, situar o Socio-Cliente no centro da súa estratexia e potenciar as capacidades dos seus equipos de persoas.

Para máis información:

EROSKI Dirección de Comunicación Corporativa Oscar González Uriarte, Tel.: 946 211 214 comunicacion@EROSKI.es Oficina de Prensa - Consejeros del Norte Ziortza Beristain / Edurne Izquierdo Tel.: 944 158 642	UNIVERSIDADE DE Deusto Facultade de Enxeñería Gabinete de Prensa Miriam Portell, Tel.: 944 139 243 mportell@Deusto.es
--	---